

## O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

Xosé Carlos López Corral

Letrado da Xunta de Galicia

### 1. Introducción

No *Diario Oficial de Galicia* do pasado 19 de xaneiro publicáronse os decretos número 4 e 5, do 8 de xaneiro de 2004. O primeiro deles ten por obxecto establecer os criterios aos que se suxeitará a distribución e a práctica da liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local (FCL) correspondente ao exercicio de 2001. O segundo contén a regulación do Fondo para o período 2002-2004.

Complétase, así, no seu nivel regulamentario, o deseño normativo do novo Fondo de Cooperación Local, iniciado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (disposición adicional oitava) e substancialmente definido na súa vixente configuración legal pola Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos da Comunidade autónoma para 2002 (disposición adicional sexta).

O FCL é hoxe, por virtude de tales normas, o instrumento de participación dos concellos galegos nos ingresos propios da facenda autonómica, o que supón actuar unha previsión xa contemplada no art. 142 da Constitución española, e á que tamén aluden, no ámbito normativo estatal, os artigos 105 da Lei de bases de réxime local e 39 da Lei de facendas locais, e na nosa lexislación autonómica, o artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).

É certo, con todo, que malia esta expresa previsión constitucional e legal e, se é o caso, coa excepción daquelas comunidades autónomas dotadas de réximes diferenciados en relación co conxunto do Estado (caso dos territorios de réxime foral ou do peculiar réxime insular canario), o desenvolvemento lexislativo nesta materia permaneceu inédito, no conxunto do mapa autonómico, ao longo destes anos.

Evidentemente, a potencia financeira dunha posible participación das entidades locais nos tributos das comunidades autónomas non pode equipararse, no actual modelo da facenda pública, á que representa, como fonte de financiamento ordinaria destas administracións, a participación nos tributos do Estado.

A análise do novo FCL galego, que deseguido se efectuará, só pode ser abordada a partir de tal premisa: pola propia estrutura orzamentaria da Comunidade autónoma, dimensionada para lle dar cobertura financeira ao exercicio das competencias propias, calquera participación das entidades locais nos ingresos daquela deberá ser, necesariamente, limitada.

Pero precisamente por esa mesma circunstancia cobra máis valor o sistema instaurado polo lexislador galego a partir do ano 2001, que fai de Galicia, hoxe por hoxe, a única comunidade autónoma que garante lexislativamente un sistema de financiamento local destinado a contribuír á suficiencia financeira dos concellos con pleno respecto á autonomía de decisión das entidades beneficiarias.

## 2. Os antecedentes

O Fondo de Cooperación Local creouse por Decreto 373/1990, do 31 de maio, como dotación financeira para contribuír a corrixir os desequilibrios internos de Galicia, fundamentalmente en materia de infraestruturas básicas de carácter local. Esta mesma característica do Fondo como instrumento reequilibrador mantense ao longo de toda a década dos noventa e, de feito, continúa a inspirar a definición do FCL que se contén na LALG (art. 332.2).

O carácter claramente belixerante en favor dos territorios máis desfavorecidos queda patentizado nos criterios de repartimento que se viñeron aplicando ao longo dese período e que foran aprobados pola Comisión 3ª (Economía, Facenda e Presupostos) do Parlamento de Galicia en cumprimento do ordenado pola disposición adicional décimo cuarta da Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos da Comunidade autónoma para 1991.

Tales criterios resultaban, cando menos, discutibles na medida en que, polo de pronto, implicaban unha primeira distribución provincial do Fondo. Nesta distribución as provincias do interior resultaban clara-

mente favorecidas respecto das costeiras: as de Lugo e Ourense repartían entre os concellos do seu territorio de poboación non superior a 50.000 habitantes –os seus tradicionais beneficiarios– o 62,265% da súa dotación anual, en tanto que as de Pontevedra e A Coruña percibían tan só o 37,735 % restante. As disfuncións derivadas deste modelo eran evidentes, sobre todo cando se comparaban as participacións correspondentes a concellos limítrofes dunhas e doutras provincias que, como é lóxico, en principio presentaban carencias similares.

Por outra banda, e debido ás súas fontes de financiamento, que viñan constituídas na súa maior parte por fondos europeos e estatais de carácter finalista, a xestión do Fondo resultaba altamente burocratizada, tanto para os concellos –que ademais vían restrinxida a súa autonomía de decisión sobre o destino a dar ás correspondentes participacións– coma para a Comunidade autónoma.

No que atinxe á súa potencia financeira, tampouco o Fondo experimenta, ao longo deste período, unha notable evolución: se no ano 1991 fora de 3.250 millóns de pesetas, no exercicio do ano 2000, último de vixencia do modelo, ascendeu a 4.359,9 millóns de pesetas.

É, polo tanto, a partir de tales antecedentes, tan sumariamente expostos, como se vai producir a transformación do FCL ata chegar á súa configuración actual. Unha transformación que só pode explicarse situándoa nun contexto máis amplo: o da negociación do Pacto local.

Sabido é que a partir do ano 1998, e como consecuencia da posta en práctica dos mecanismos de negociación contemplados na LALG, se estableceu un diálogo sen precedentes entre a Administración da Comunidade autónoma e a Federación Galega de Municipios e Provincias, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local.

A premisa fundamental desa negociación viña constituída pola necesidade de avanzar nun proceso de descentralización de competencias da Administración autonómica nas entidades locais, como expresión do principio de subsidiaridade expresamente incorporado pola Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985; principio do que, cun maior ou menor acerto técnico nos mecanismos de actuación nela previstos, se fai ampla recepción pola LALG.

Evidentemente, a análise dese proceso, das súas dificultades e dos resultados acadados ata o momento excede do noso propósito actual, pero a súa cita resulta inescusable, pois foi ao seu abeiro onde se concibiu primeiro e se perfeccionou despois o noso actual modelo de FCL.

Unha das reivindicacións da FEGAMP, expresada na súa Asemblea xeral do 14 de decembro de 1999 (Resolución sexta do relatorio 2 «Pacto local»), e concibida como paso necesario para o correcto desenvolvemento da negociación do Pacto local, consistía en reclamarlle á Xunta de Galicia unha dotación financeira a favor dos concellos que lles permitise



«exercer dignamente aquelas competencias que non séndolles propias xa executan hoxe de facto». Para estes efectos demandábase da Xunta «a satisfacción do acordo unánime da organización municipalista no que se propoñía a unificación das subvencións menores ós Concellos nunha única partida orzamentaria que con carácter non finalista se distribúa, cos criterios que se determinen, entre os Concellos».

Esta reivindicación, así formulada, era de moi difícil asunción para a Administración autonómica. Levada ás súas últimas consecuencias, supoñía tanto como privar a Xunta de Galicia dunha política propia no ámbito local. Por outra banda, non pode esquecerse que unha parte substancial das transferencias que a Xunta de Galicia lle efectúa aos concellos con cargo aos capítulos IV e VII se nutren de fondos europeos e estatais de carácter finalista, o que tamén facía inviable aquela pretensión.

Non obstante, como xa fixemos notar na introdución, sendo a participación das entidades locais nos tributos da Comunidade autónoma unha cuestión expresamente prevista na propia LALG –que a enmarca, incluso, como un dos contidos dunha hipotética lei reguladora das fazendas locais de Galicia, de viabilidade altamente problemática, cando menos nos termos do artigo 333 da LALG–, a fórmula pola que finalmente se optou para o establecemento desta participación foi a da transformación do FCL.

A crónica deste proceso sen dúbida contribuirá á mellor comprensión do modelo. Estes son os seus fitos fundamentais.

### 3. O FCL 2001: a transición

A Disposición adicional oitava da Lei 5/2000, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG nº 251, do 29 de decembro) constitúe o punto de inflexión no proceso de definición do novo FCL.

O seu texto foi introducido no trámite de emendas da referida lei por iniciativa do grupo parlamentario do Partido Popular, logo de que, malia a intensa negociación levada a cabo coas diferentes forzas políticas representadas na Comisión galega de Cooperación local, que incluso celebrou unha sesión no propio pazo do Hórreo (22 de novembro de 2000) para tratar *in extremis* de acadar un acordo consensuado, entre outras desta materia, este non fora posible.

É, como se verá, unha norma de transición que, non obstante, contén xa determinacións de enorme importancia para a actual configuración deste instrumento:

a) En primeiro lugar, a dotación do Fondo pasa a expresarse, a partir do exercicio 2001 inclusive, nunha porcentaxe de participación na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Ad-

ministración xeral da Comunidade autónoma. Esta porcentaxe, fixada para ese exercicio no 3,922% da referida recadación líquida, véñse establecendo dende entón nas sucesivas leis de presupostos, se ben esta foi obxecto de homoxeneización –na terminoloxía usada pola Lei– a partir do ano 2002, como consecuencia da nova estrutura experimentada polo orzamento de ingresos logo da entrada en vigor da Lei 21/2001, do 27 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro), que regula o novo sistema de financiamento das comunidades autónomas.

Ademais, a Lei garante unha evolución crecente desta dotación entre os exercicios 2002 a 2004, ambos inclusive, mediante incrementos acumulativos anuais de 1.000 millóns de pesetas correntes cada ano, que modificarán na contía correspondente a porcentaxe de participación de cada exercicio.

b) En segundo lugar, e polo que se refire aos criterios a aplicar para a súa distribución, a lei remítese aos acordos que para tal efecto estableza a Comisión galega de Cooperación local –non debe esquecerse que a Comisión, de composición paritaria, é o órgano nuclear no ámbito das relacións interadministrativas Comunidade autónoma-Entidades locais, que ten atribuída (art. 191, h) LALG), entre outras relevantes funcións, precisamente a de estudar e propoñer os criterios para a distribución do FCL–.

Con todo, a propia disposición adicional precisa que, en tanto a Comisión non decida modificalos, unha cantidade equivalente á dotación do FCL do ano 2000 siga a distribuírse conforme cos criterios recollidos no Decreto 215/2000, do 13 de setembro, de cooperación coas entidades locais para o ano 2000 (último do antigo FCL), polo que, para tal suposto, os acordos da Comisión, sobre os que a Lei só concreta a posibilidade de que prevexan unha partida específica con destino aos gastos de mantemento propios da FEGAMP, se limitarían á distribución do exceso sobre aquela dotación.

No exercicio de tales competencias a Comisión, en sesión celebrada o 18 de xuño de 2001, facendo súa a expresa proposta da FEGAMP en tal sentido, acordou por unanimidade que, de xeito excepcional, a total dotación do FCL para o referido exercicio, unha vez deducido o importe da partida destinada a sufragar os gastos de mantemento propios da FEGAMP, que se cifrou no 1% do Fondo, continuara a destinarse aos concellos que viñan sendo os seus tradicionais beneficiarios; isto é, os de poboación non superior a 50.000 habitantes, e que tal repartimento se realizase precisamente conforme aos criterios do citado Decreto 215/2000.

A translación deste acordo ao artigo 2º do Decreto 260/2001, do 4 de outubro (DOG nº 199, do 15 de outubro), que tiña por finalidade fundamental desenvolver a disposición adicional que estamos a comentar en punto á aplicación e xustificación polos concellos beneficiarios das súas

participacións no FCL 2001, serviulle de base aos concellos da Coruña e Vigo para impugnar tal modelo de repartición, que excluía –insisto, excepcionalmente– para ese exercicio aos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes.

c) A consignación orzamentaria anual do FCL cífrase no 96% da suma estimada por aplicación da porcentaxe anual correspondente, sendo esa a contía que se lle reparte aos concellos, con carácter de entrega a conta, por cuartas partes, no segundo mes de cada trimestre natural.

Coñecida a liquidación dos orzamentos de ingresos nese exercicio, as participacións axústanse á cifra resultante transferindo ou retendo os importes correspondentes na primeira entrega a conta trimestral que proceda.

Este é o sistema que continúa en vigor, se ben a partir de 2002 os concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes perciben, na mesma entrega, e tamén por cuartas partes, a cota fixa que lles corresponde como participación no fondo adicional.

d) A disposición adicional esixe que a través da certificación emitida ao remate de cada exercicio os concellos beneficiarios xustifiquen ante a Xunta de Galicia a aplicación dos fondos á realización de infraestruturas e servizos considerados básicos pola lexislación de réxime local.

Este requisito que, como xa dixemos, foi obxecto de desenvolvemento polo Decreto 260/2001, do 4 de outubro, desaparecerá, finalmente, do modelo de FCL que se consolida e define a partir do ano 2002.

## 4. O FCL 2002-2004: A consolidación

### 4.1. A Disposición adicional sexta da Lei 2/2002

Será novamente nun trámite de emendas, esta vez á Lei 2/2002, do 29 de abril, de presupostos da Comunidade autónoma para 2002 (*DOG* n.º 84, do 2 de maio), onde se produza a definición lexislativa deste instrumento.

Nesta ocasión, con todo, a nova redacción dada a Disposición adicional sexta da citada lei será froito da transacción acadada entre os grupos parlamentarios popular e socialista, coa abstención do BNG.

Os aspectos máis salientables que se introducen na regulación do Fondo pola referida disposición adicional son:

a) En primeiro lugar, establécese expresamente que o Fondo terá carácter financeiro a partir das consignacións previstas para o exercicio 2002 e que os recursos que con cargo a súa consignación lles correspondan aos concellos terán a consignación de fondos incondicionados.

En consecuencia, as entidades locais receptoras quedan eximidas, a partir deste exercicio, de calquera obriga de xustificación sobre o destino



dado ás súas participacións, gozando de plena autonomía para o seu tratamento orzamentario.

b) A lei precisa –esta vez si expresamente– que a distribución se efectuará «entre todos os concellos» e, se ben continúa a remitírselle aos criterios de repartimento que se aproben na Comisión galega de Cooperación local, introduce agora variables e ponderacións mínimas que a Comisión deberá respectar; tres de carácter distributivo, habitantes (65%), superficie 10%) e núcleos de poboación (3%), e unha que terá efectos redistributivos, esforzo fiscal (5%).

c) Créase un fondo adicional con destino aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes, coa finalidade de favorecer a mellora nos niveis de prestación dos servizos esenciais á que se refire a lexislación sobre réxime local.

A confusa redacción do precepto, que non garante o mantemento da dotación inicial («non inferior a 12.000.000 de euros» no exercicio 2002) para os exercicios 2003 e 2004, levaría á súa modificación posterior pola Disposición adicional sexta da Lei 6/2002, do 27 de decembro de orzamentos da Comunidade autónoma para 2003 (*DOG* n.º. 251, do 30 de decembro), por constituír tal extremo unha condición á que a Comisión galega de Cooperación local supeditou o mantemento da vixencia do modelo de repartimento, nos termos aos que despois se aludirá, durante o período 2002-2004.

d) Esíxese que en ningún caso a repartición inicial (o de 2002) sexa inferior á cantidade que cada concello recibiu no exercicio de 2000, así como que, a partir do exercicio 2003 o incremento anual da participación correspondente a cada concello, sexa, como mínimo, do 30% do crecemento medio do Fondo para o respectivo exercicio.

Estas últimas prescricións da Disposición adicional teñen por obxecto facilitar a transición do antigo ao novo FCL, o que é de suma importancia, sobre todo, para os concellos tradicionais beneficiarios do Fondo nas provincias de Lugo e Ourense, os cales, de aplicarse un puro modelo por variables distributivas, verían notablemente minguada a súa participación, dada a vantaxe comparativa da que viñan gozando como consecuencia dos criterios do repartimento aplicados con anterioridade.

#### 4.2. Os acordos da Comisión galega de Cooperación local

No ámbito de discrecionalidade atribuído pola Disposición adicional á que nos vimos de referir, a Comisión galega de Cooperación local, en sesión do 5 de novembro de 2002, aprobou os criterios da repartición do Fondo. Os referidos acordos foron publicados no *DOG* n.º. 240, do 13 de decembro.

Deben subliñarse as importantes precisións que o referido acordo incorpora para a definitiva configuración do modelo de distribución:

a) En primeiro lugar, aínda que non se considera necesaria a introdución de novas variables distributivas sobre as previstas legalmente, a Comisión opta por utilizar, en dous momentos consecutivos, diferentes escalas de ponderación:

■ Unha xeral (habitantes 76%, superficie 15%, núcleos de poboación 9%) para a obtención de tres cantidades con destino, respectivamente, aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes, entre 15.000 e 50.000 habitantes, e de poboación superior a 50.000 habitantes.

■ Outras tres diferenciadas para cada un dos grupos de concellos así definidos, que se conteñen no seguinte cadro:

Criterio	Ponderación (%)		
	<15.000 hab.	15.000< =P = <50.000 hab.	>50.000 hab.
Habitantes	65	76	87
Superficie	20	15	10
Núcleos de poboación	15	9	3

Esta solución diferenciada, froito de sucesivas aproximacións e simulacións efectuadas sobre diferentes hipóteses, utiliza as propias pautas legalmente establecidas, e que a Comisión debe respectar: a lei, por unha banda, inclúe no repartimento os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes e, por outra, ordena consolidar, con carácter de mínimos, as anteriores participacións dos restantes concellos, ao tempo que, dentro destes últimos, introduce un tratamento especial para os de poboación inferior a 15.000 habitantes, destinándolles un fondo adicional.

Trátase de distribuír as cantidades correspondentes a cada grupo de xeito que, respectando en todo caso os límites legalmente establecidos, as ponderacións a aplicar sexan sensibles ás diferenzas existentes entre eles, sobre a base de que nos concellos de maior tamaño a variable máis relevante é a poboación, en tanto que nos máis pequenos a superficie e o número de núcleos son factores de maior peso á hora de xustificar a determinación das súas respectivas cotas no repartimento do Fondo.

b) Polo que respecta ao fondo adicional con destino aos concellos de menos de 15.000 habitantes, e atendida a súa finalidade legalmente prevista de favorecer a mellora na prestación dos servizos esenciais, o criterio adoptado é o de distribuír o seu total importe por cotas fixas, determinadas polo número de habitantes e decrecentes por treitos de poboación segundo a seguinte escala:



Criterio (habitantes)	Cota fixa (€)
Ata 2.000	54.000
De 2.001 a 5.000	42.000
De 5.001 a 10.000	36.000
De 10.001 a 14.999	25.500

c) A restrición legal de que ningún concello percibira no FCL de 2002 menor cantidade que a que lle correspondeu no FCL de 2000, non só se respecta, senón que, atendendo a proposta da FEGAMP, o acordo da Comisión establece que en ningún caso as sumas resultantes da distribución do Fondo principal e do Fondo adicional deberán ser inferiores á asignación que cada concello tivo no FCL de 2001.

Débase reparar que os acordos aos que nos estamos a referir foron adoptados apenas uns días antes de ser coñecida a primeira sentenza sobre a repartición do FCL de 2001, circunstancia esta que, unha vez sobrevida, determinaría unha revisión da distribución inicialmente acordada para o Fondo nese exercicio, mediante a determinación de novas participacións nas que deberían incluírse os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, o que é obxecto do Decreto 4/2004 que, como se verá, utiliza criterios do modelo de repartimento ao que estamos a facer referencia.

Como pode supoñerse, boa parte dos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes das provincias de Lugo e Ourense non acadaban, polo mero repartimento por variables distributivas máis as cotas fixas correspondentes ao fondo adicional, as súas participacións no ano 2001. Por ese motivo o modelo prevé, que as participacións de tales concellos se incrementen ata igualar tal restrición.

As cantidades precisas obteranse das participacións resultantes do repartimento por variables distributivas para os distintos concellos, calquera que for o seu número de habitantes, de xeito proporcional ao seu importe e sempre, no caso dos concellos de menos de 50.000 habitantes, respectando o límite da súa propia participación do FCL de 2001.

d) Finalmente, as cantidades que lle corresponden a cada concello segundo o procedemento indicado, excluídas as procedentes do fondo adicional que, atendida a súa específica finalidade, non se ven alteradas por esta circunstancia, modúlanse mediante a aplicación, con efectos redistributivos e a ponderación legalmente prevista do 5%, da variable esforzo fiscal, completándose así o mecanismo de determinación das participacións individualizadas de cada concello.

#### 4.3. Os decretos 4 e 5 de 2004

a) O primeiro destes decretos, como se expresa no seu preámbulo, busca dar cumprimento ás sentenzas recaídas nos procesos contencioso-administrativos instados polos concellos da Coruña e Vigo contra o Decreto 260/2001.

A solución adoptada, como pode observarse, pretende ao mesmo tempo, preservar no posible os acordos no seu día acadados pola Comisión verbo do repartimento do FCL de 2001.

Con tal finalidade ordena que, unha vez deducida a partida con destino aos gastos da FEGAMP, o exceso de dotación que representa o FCL de 2001 con relación ao do ano 2000 se fracione en dúas cantidades con destino respectivo aos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, e aos restantes concellos. Para isto, acódesse á primeira escala xeral de ponderación correspondente ao repartimento por variables distributivas do modelo do FCL 2002-2004, xa mencionada.

A cantidade correspondente aos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, resultante da anterior operación, distribuirase entre eles, sen outra modulación, segundo a escala específica establecida para estes concellos no propio modelo citado.

O resto do Fondo segue a repartirse entre os concellos de menos de 50.000 habitantes como se acordara no seu día; isto é, conforme aos criterios do Decreto 215/2000, do 13 de decembro.

A consecuencia práctica é unha moderada redución das participacións correspondentes aos concellos deste último grupo, que se proxecta sobre os exercicios sucesivos, dado que as participacións das entidades beneficiarias no FCL de 2001 pasarán a ser, para todos os efectos, as que resulten da liquidación definitiva que se practique segundo o establecido neste Decreto.

b) O segundo, destinado a regular a distribución do FCL durante o período 2002-2004, ten como lóxica finalidade incorporarlle ao seu articulado os criterios de repartimento adoptados pola Comisión galega de Cooperación local á que antes aludimos.

Non obstante, o propio Decreto incorpora algunhas precisións adicionais. Así:

- Determina a fórmula a aplicar para a obtención do índice de esforzo fiscal municipal (art. 7.2).
- Establece o criterio a seguir para a determinación das cotas fixas correspondentes ao fondo adicional, para o suposto de que, como consecuencia de modificacións no padrón de habitantes, se produzan alteracións no número de concellos beneficiarios, ou ben deba adscribirse algún deles a un treito de poboación diferente.


■ Precisa, finalmente, que as liquidacións definitivas de cada exercicio se realicen por referencia aos ingresos efectivamente rexistrados nos capítulos I, II e III, do Orzamento de ingresos da Administración xeral da Comunidade autónoma durante o ano natural de que se trate; isto é, con independencia de que procedan de dereitos recoñecidos no propio exercicio ou en exercicios anteriores.

## 5. Reflexións finais

Como pode observarse, logo deste repaso dos feitos e circunstancias que marcan o nacemento do novo Fondo de Cooperación Local, este foi perfilándose dentro dun arduo proceso negociador, seguido, ademais, en dúas instancias diferentes. Por unha banda, a da relación Entidades locais-Comunidade autónoma, no seo da Comisión galega de Cooperación local e, por outra, a integrada polas forzas políticas do arco parlamentario.

Sen dúbida, contribuíu o resultado final deste proceso á fortuna de que se desenvolvese, e culminase, nun momento especialmente favorable de diálogo político e institucional, no que todos os actores (Xunta de Galicia, FEGAMP e partidos políticos) puxeron de manifesto unha exemplar disposición na busca dun acordo.

Remata co presente exercicio o período de vixencia do modelo. Tamén a FEGAMP vén de renovar os seus órganos directivos logo das eleccións locais. Tempo haberá, no que queda de ano, de valorar as consecuencias da aplicación dos acordos adoptados e de introducir, se é o caso, as correccións ou modulacións que a experiencia aconselle, así como de harmonizar e refundir as disposicións legais que disciplinan o Fondo, trasladándoas á LALG.

En calquera caso todo iso será sobre un camiño xa andado. 



Anexo.

Evolución en dotación orzamentaria FCL 2001-2004

		2001	2002	2003	2004
% de participación en ingresos caps. I, II, III	3,922	1,534518	1,7493517	1,8945459	
Importe anual (?)	Entregas a conta	30.870.064	38.983.457	46.981.749	55.830.355
	Liquidación	1.110.875	1.469.898	pendente	*
	Fondo adicional	*	12.000.300	12.000.000	12.000.000
Total FCL		31.980.939	52.456.355	58.981.749 (a resultados de liquidación)	67.830.355 (a resultados de liquidación)